

HISTORIA DE ESPAÑA


OPCIÓN A

ORIENTACIÓNS: A partir dos seguintes documentos debes elaborar unha composición sobre o final do franquismo e o inicio da transición democrática. Na redacción debes abordar as seguintes cuestións: A incerteza política, a conflictividade social e a crise económica que marcan o período; as posturas políticas enfrontadas, dende o inmobilismo ata a proposta rupturista; a apertura dunha vía reformista cara á democracia. Lembra que non se trata de responder a preguntas illadas, senón de realizar unha composición coherente e argumentada, e que na avaliación se terán en conta os coñecementos, a utilización dos documentos e a corrección da expresión escrita.

Doc.1. Extracto do comunicado no que ETA reivindica o atentado contra Carrero Blanco en 1973:

“A operación que ETA realizou contra o aparato de poder da oligarquía española na persoa de Luis Carrero Blanco, debe interpretarse como xusta resposta revolucionaria da clase traballadora e de todo o noso pobo vasco (...). Luis Carrero Blanco, un home duro, violento nas súas posicións represivas, constituía a peza clave garante da continuidade e estabilidade do sistema franquista (...)”.

Doc.2. Evolución do número de folgas en España entre 1971 e 1975:



Doc.3. Viñeta alusiva á crise económica, publicada na revista *Por favor* en 1975:



Doc.4. Discurso de J. A. Girón de Velasco ao ser nomeado presidente da *Confederación Nacional de Excombatientes* (novembro de 1974):

“Incúmbenos a mesma responsabilidade que, por razóns de honor, nos botou ao monte en 1936 (...). O compromiso desta hora reside, por tanto, en evitar que sobre aquel holocausto e aquel sacrificio se corra hoxe un estúpido velo (...). Aquí pasaron moitas cousas e han pasar moitas máis (...). Impúlsanos o deber de pechar o paso aos que queren arrebatarnos a vitoria”.

Doc.5. Propostas da *Junta Democrática*, feitas públicas en París en xullo de 1974:

1. A formación dun Goberno provisional que substitúa ao actual para devolver ao home e á muller españois (...) o recoñecemento legal de todas as liberdades, dereitos e deberes democráticos.
2. A amnistía absoluta de todas as responsabilidades por feitos de natureza política ou sindical.
3. A legalización dos partidos políticos, sen exclusións (...).
11. A celebración dunha consulta popular (...) para elixir a forma definitiva do Estado”.

Doc.6. Artigo de Arnaud de Borchgrave publicado na revista *Newsweek* en abril de 1976:

“Coido que chegou a hora da reforma, pero o presidente do Goberno, Carlos Arias Navarro, un residuo dos días de Franco, demostrou máis inmobilismo ca mobilidade. O rei opina que Arias é un desastre sen paliativos, xa que se converteu no abandeirado dese grupo de leais a Franco coñecido coma ‘o búnker’ (...)”.

Doc.7. Lei para a Reforma Política, aprobada polas Cortes en novembro de 1976:

- Art.1º.1. A democracia no Estado español baséase na supremacía da lei, expresión da vontade soberana do pobo. Os dereitos fundamentais da persoa son inviolables e vinculan a todos os órganos do Estado (...).
- Art.2º. 1. As Cortes compóñense do Congreso de Deputados e do Senado.
2. Os deputados do Congreso serán elixidos por sufraxio universal, directo e secreto dos españois maiores de idade”.

HISTORIA DE ESPAÑA

OPCIÓN B

ORIENTACIÓNS: O seguinte cadro recolle cinco fragmentos de textos constitucionais que ilustran sobre as institucións e/ou persoas que son depositarias da soberanía en cada un deles. Na redacción, debes abordar as seguintes cuestións: contextualización de cada constitución nun período concreto; réximes políticos que instauran ou representan; modelos de soberanía (compartida, nacional, popular) que reflicten. Lembra que non se trata de responder a preguntas illadas, senón de realizar unha composición coherente e argumentada, e que na avaliación se terán en conta os coñecementos, a utilización dos documentos e a corrección da expresión escrita.

Constitución de 1812	Constitución de 1837	Constitución de 1845	Constitución de 1869	Constitución de 1876
<p>“As Cortes xerais e extraordinarias da nación española (...) decretan a seguinte Constitución: (...) Art. 3. A soberanía reside esencialmente na nación e polo tanto pertence a esta exclusivamente o dereito de establecer as súas leis fundamentais”.</p>	<p>“Sendo a vontade da nación revisar, en uso da súa soberanía, a Constitución política promulgada en Cádiz o dezanove de marzo de mil oitocentos doce, as Cortes Xerais congregadas a este fin, decretan e sancionan a seguinte Constitución da Monarquía Española”.</p>	<p>“Dona Isabel II, pola graza de Deus e da Constitución da Monarquía Española, Raíña das Españas (...), sabede: Que sendo a nosa vontade e a das Cortes do Reino regularizar e poñer en consonancia coas necesidades actuais do Estado (...), modificando ao efecto a Constitución promulgada o 18 de xuño de 1837, viñemos, en unión e de acordo coas Cortes actualmente reunidas, en decretar e sancionar a seguinte Constitución da Monarquía Española”.</p>	<p>“A Nación Española, e no seu nome as Cortes Constituíntes elixidas por sufraxio universal, desexando afianzar a xustiza, a liberdade, a seguridade (...), decretan e sancionan a seguinte Constitución”. (...)Art. 32. A soberanía reside esencialmente na nación, da que emanan todos os poderes”.</p>	<p>“Don Alfonso XII, pola Graza de Deus Rei constitucional de España (...), sabede: que en unión e de acordo coas Cortes do Reino actualmente reunidas, viñemos en decretar e sancionar a seguinte Constitución da Monarquía Española”.</p>

HISTORIA DE ESPAÑA

OPCIÓN A

ORIENTACIÓNS: *Os seguintes documentos serven de base para realizar unha composición sobre o desenvolvemento económico español no século XIX, centrando a atención na industria. Na redacción debes tratar as seguintes cuestións: Os contrastes e os desequilibrios rexionais; as características do desenvolvemento ferroviario; os sectores produtivos máis destacados; valoración global do desenvolvemento decimonónico. Lembra que non se trata de responder a preguntas illadas, senón de realizar unha composición coherente e argumentada, e que na avaliación se terán en conta os coñecementos, a utilización dos documentos e a corrección da expresión escrita.*

Doc.1.-En 1843, Jaime Balmes expoñía a escasa capacidade da capital do Estado para servir de motor do desenvolvemento económico español:

“Cabalmente temos en España un atranco gravísimo que inflúe máis do que se cre en paralizar o noso desenvolvemento e en facer inútiles os mellores desexos. A vida de España está nas extremidades; o centro está exánime, fraco, frío, pouco menos ca morto. Cataluña, as provincias Vascongadas, Galicia, varios puntos do mediodía, ofrécennos un movemento, unha animación da que non participa o corazón de España. Londres é digna capital da Gran Bretaña, París, de Francia; na actividade, na vida da que rebordan aquelas cidades vedes as indispensables condicións da cabeza dun gran corpo. En Madrid e en todos os arredores a longuísima distancia nada parello atoparedes. Nin agricultura, nin industria, nin comercio”.

Doc.2.-Lei Xeral de Ferrocarrís (1855):

“Art.6. Os particulares ou compañías non poderán construír liña ningunha (...) se non obtiveron previamente a concesión da mesma (...).

Art.14. As concesións (...) outorgaranse por termo de noventa e nove anos cando máis (...).

Art.19. Os capitais estranxeiros que se empreguen na construción de ferrocarrís ou en empréstitos para este obxecto quedan baixo a salvagarda do Estado e están exentos de represalias, confiscacións ou embargos por causa de guerra”.

Doc.3.-Producción de ferro coado en España, 1861-1900 (en millares de toneladas):

ANOS	MÁLAGA	SEVILLA	OVIEDO	BISCAIA	OUTROS	TOTAL
1861-65	12,43	2,22	13,17	11,73	6,10	45,65
1866-70	1,91	1,36	19,24	10,73	9,32	42,56
1871-75	3,08	1,38	24,90	8,72	7,45	45,53
1876-80	3,36	1,43	28,84	17,24	11,7	62,57
1881-85	1,51	1,38	40,08	76,71	11,91	131,59
1886-90			33,18	138,97	2,07	174,22
1891-95			44,30	?		185,49
1896-1900			52,10	227,69	9,45	289,24

Doc.4.-Neste texto publicado en 1860 salientase a importancia da industria catalá:

“En España a palabra industria trae infaliblemente á memoria a palabra Cataluña. O principado é sen dúbida o núcleo da forza e riqueza industrial da Península; Barcelona é chamada por propios e estraños o Manchester da nosa querida patria (...). Non hai probablemente industria ningunha que non teña en Cataluña a súa representación (...). Sabadell e Terrassa adiantaron tan considerablemente na fabricación de las, que xa os seus artefactos chamaron a atención en exposicións nacionais e estranxeiras. Non menos progresou a cidade de Reus na industria de tecer a seda (...). Girona elabora en grandes cantidades papel continuo para imprimir e escribir (...).

As poboacións de Gracia, Sants, Sant Martí, Sant Andreu, Horta e Badalona, que parecen simplemente barrios anexos á capital do principado, son outras tantas poboacións fabrís, nas que a industria se atopa tan adiantada coma na mesma metrópole”.

Doc.5.-O historiador Gabriel Tortella valora así o esforzo industrializador na España do século XIX:

“Hai no século XIX español un número elevado de esforzos a prol da modernización do país. Por unha banda temos os esforzos privados da clase empresarial catalá por crear unha base industrial no principado. Por outra están os repetidos intentos progresistas por sentar as bases políticas e lexislativas dunha sociedade moderna, é dicir, industrializada e tecnificada. O século XIX non foi en España de absoluto estancamento: en Cataluña, e en especial en Barcelona, desenvolveuse unha notable industria; o país levou a cabo a desamortización e a construción da rede ferroviaria; reformouse a educación, o sistema monetario e bancario, os impostos; instituíuse definitivamente o orzamento; sentáronse as bases da industria siderúrxica, etc. Pero en total a tan cacarexada revolución industrial non tivo lugar”.

HISTORIA DE ESPAÑA

OPCIÓN B

ORIENTACIÓNS: *A partir dos documentos que seguen debes compor un texto sobre a transición política á democracia. Na redacción debes abordar as seguintes cuestións: O inicio do proceso por unha vía reformista; o proceso constituínte e a Constitución de 1978; as dificultades (terrorismo, golpismo); a chegada do PSOE ao poder. Lembra que non se trata de responder a preguntas illadas, senón de realizar unha composición coherente e argumentada, e que na avaliación se terán en conta os coñecementos, a utilización dos documentos e a corrección da expresión escrita.*

Doc.1.-Logo de ser designado Presidente do Goberno polo Rei, Adolfo Suárez diríxese ao país (6 de xullo de 1976):

“A meta última é moi concreta: que os gobernos do futuro sexan o resultado da libre vontade da maioría dos españois, e para iso solicito a colaboración de todas as forzas sociais (...).

A Coroa ten a vontade expresa de acadar unha democracia moderna para España, unha democracia na que a liberdade, a xustiza, a participación, a paz e a cultura sexan o froito do esforzo de todos e o resultado do que todos se beneficien”.

Doc.2.-Lei para a Reforma Política, aprobada polas Cortes o 18 de novembro de 1976:

Art.1º.1.A democracia no Estado español baséase na supremacía da lei, expresión da vontade soberana do pobo.

2.A potestade de elaborar e aprobar as leis reside nas Cortes. O Rei sanciona e promulga as leis.

Art.2º.1.As Cortes compóñense do Congreso dos Deputados e do Senado.

2.Os deputados do Congreso serán elixidos por sufraxio universal, directo e secreto dos españois maiores de idade.

3.Os senadores serán elixidos en representación das entidades territoriais. O Rei poderá designar para cada lexislatura senadores en número non superior á quinta parte dos elixidos”.

Doc.3.-Na campaña para as eleccións de xuño de 1977, o candidato de UCD, Adolfo Suárez, pronuncia o seguinte discurso:

“Prometemos volverlle a soberanía ao pobo español, e pasado mañá exercea.

Prometemos normalizar a nosa vida política, xestionar a transición en paz, construír a democracia desde a legalidade, e cremos que, coas lóxicas deficiencias, o conseguimos.

Prometemos que todas as familias políticas poderían ter un lugar nas Cortes, e o mércores poden acadalo (...).

Podo prometer, e prometo, intentar elaborar unha Constitución en colaboración con todos os grupos representativos nas Cortes, calquera que sexa o seu número de escanos (...). Podo prometer, e prometo (...), adicar todos os esforzos a acadar un entendemento social que permita fixar as novas liñas básicas que ha seguir a economía española nos vindeiros anos (...). Podo prometer, e prometo, un marco legal para institucionalizar cada rexión segundo as súas propias características”.

Doc.4.-Constitución de 1978:

“Art.1.1.-España constitúese nun Estado social e democrático de Dereito, que propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político.

1.2.-A soberanía nacional reside no pobo español, do que emanan os poderes do Estado.

1.3.-A forma política do Estado español é a monarquía parlamentaria.

Art.2.-A Constitución fundaméntase na indisoluble unidade da nación española, patria común e indivisible de todos os españois, e reconece e garante o dereito á autonomía das nacionalidades e rexións que a integran e a solidariedade entre todas elas.

Art.3.1.-O castelán é a lingua española oficial do Estado (...).

3.2.-As outras linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas Comunidades Autónomas de acordo cos seus Estatutos (...).”

Doc.5.-Mensaxe de Juan Carlos I, emitido por radio e televisión na madrugada do día 24 de febreiro de 1981:

“Ante a situación creada polos sucesos desenvolvidos no Palacio do Congreso, e para evitar calquera posible confusión, confirmo que ordenei ás autoridades civís e á Xunta de Xefes de Estado Maior que tomen as medidas necesarias para manter a orde constitucional dentro da legalidade vixente (...).

A Coroa, símbolo da permanencia e unidade da patria, non pode tolerar de xeito ningún accións ou actitudes de persoas que pretendan interromper pola forza o proceso democrático (...).”

Doc.6.-Resultados das eleccións xerais de 1982:

PARTIDOS	ESCANOS
PSOE	202
AP-PDP	106
UCD	12
CIU	12
PNV	8
PCE	5
OUTROS	5

Criterios de Avaliación / Corrección

CONVOCATORIA DE XUÑO

Con carácter xeral, e aínda que a cualificación sexa outorgada de maneira global (0-10), na avaliación teranse en conta os seguintes aspectos: presentación e comprensión xeral do tema abordado, elaboración persoal deste utilizando os documentos propostos e respondendo ás cuestións presentadas nas orientacións, e coñecementos específicos sobre os asuntos que deben ser tratados. Transversalmente, valorarase a capacidade do alumno/a de realizar unha redacción clara, coherente e con certo rigor conceptual.

OPCIÓN A

Como tema abordado, o remate da ditadura franquista e o comezo da transición democrática, tratándoo desde a decadencia do réxime ditatorial ata a apertura dun proceso reformista, nun contexto de grave crise socioeconómica e de confrontación entre proxectos políticos incompatibles.

Na resposta ás cuestións, os documentos subministrados deben ser utilizados en aspectos como os seguintes: a inviable continuidade do réxime (Doc.1), a caracterización xeral da crise económica e social na que se desenvolve o proceso (Docs.2 e 3), as diversas propostas políticas (Docs.4, 5, 6 e 7) ou a vía reformista finalmente adoptada (Doc.7).

Como coñecementos específicos, débense valorar achegas como a identificación de protagonistas como Carrero Blanco, Carlos Arias ou Adolfo Suárez, as mencións a organizacións ou forzas políticas que promoven as distintas alternativas (inmobilista, reformista, rupturista) ou a explicación das circunstancias que concorren na aprobación da Lei para a Reforma Política.

OPCIÓN B

Como tema abordado, as distintas concepcións da soberanía recollidas en diversos textos constitucionais, obviamente vinculadas a réximes políticos tamén diferentes.

Na resposta ás cuestións, débese contextualizar cada constitución nun período concreto: Cortes de Cádiz-Guerra da Independencia, Rexencia, Monarquía isabelina, Sexenio, Restauración; valéndose dos textos, caracterizar os modelos de soberanía (compartida, nacional, popular) que recollen e relacionalos cos réximes políticos correspondentes, caracterizando estes nalgún dos seus trazos esenciais.

Como coñecementos específicos, débense valorar as achegas sobre as circunstancias que concorreron na promulgación das diferentes constitucións, a súa vinculación con determinadas forzas e obxectivos políticos, o seu período de vixencia...

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

Con carácter xeral, e aínda que a cualificación sexa outorgada de maneira global (0-10), na avaliación teranse en conta os seguintes aspectos: presentación e comprensión xeral do tema a abordar, elaboración persoal do mesmo utilizando os documentos propostos e respostando ás cuestións presentadas nas orientacións, e coñecementos específicos sobre os asuntos que deben ser tratados. Transversalmente, valorarase a capacidade do alumno/a de realizar unha redacción clara, coherente e con certo rigor conceptual.

OPCIÓN A

Como tema a abordar, o desenvolvemento económico español no século XIX, tratando de aportar unha caracterización e un balance do mesmo.

Na resposta ás cuestións, os documentos subministrados deben ser utilizados en aspectos como os seguintes: a localización esencialmente periférica da industria española, os desequilibrios rexionais que presenta e a inexistencia dunha capital política suficientemente dinamizadora en termos económicos; o desenvolvemento ferroviario, coas súas características e eivas; os sectores produtivos máis destacados, aludindo á súa localización e evolución; unha somera valoración global do desenvolvemento económico do oitocentos, aludindo ás súas realizacións e límites.

Como coñecementos específicos, débense valorar aportacións sobre elementos condicionantes do desenvolvemento económico ou vinculados a el, mencionando asuntos como as elites políticas dominantes, o debate librecambismo vs proteccionismo, a escaseza de capitais, as reformas nos ámbitos bancario, monetario, fiscal ou educativo, as transformacións sociais...

OPCIÓN B

Como tema a abordar, a transición democrática dende o seu inicio por unha vía reformista ata a súa consolidación, exemplificada na vitoria socialista en 1982.

Na resposta ás cuestións, e valéndose dos documentos, débese caracterizar a opción reformista adoptada fronte ás aspiracións inmobiliistas e rupturistas; a celebración das eleccións de 1977, que marca o inicio do proceso constituínte, comentando os trazos esenciais da Constitución de 1978; as dificultades que o proceso enfrontou dende posicións extremas (golpismo, terrorismos); o triunfo electoral socialista en 1982, que simboliza a consolidación do réxime democrático na medida en que posibilita a alternancia no poder.

Como coñecementos específicos, débense valorar as aportacións sobre elementos como a posición da monarquía no proceso, o papel de destacados líderes como Adolfo Suárez ou Felipe González, ou a caracterización básica das principais forzas políticas do momento e da súa actuación.